

“A política económica actual é unha fraude á cidadanía”

Entrevista a Xabier Vence

A foto que fala

Guerra de Kosovo? Non,
Ucrania. Máis de 5000 mortos
en nove meses.



O trasno Os cartiños do templo

Daniel López Muñoz



O códice Calixtino, do século XII, gardaba moitos segredos. Cousas do vello camiño de Santiago, músicas antigas, *Milagres* que chegaron a traducirse ao galego no século XV... Pero o segredo sorpresa foi unha pequena revelación do como, do quen e do canto das finanzas da catedral.

Por mor do roubo e do xuízo vimos vídeos no que un señor, día si e día tamén –pero disque máis ben a partir do 20 de cada mes, que é cando a cousa está nutrida- entra nun cuarto no que hai un armario aberto, unha mesa, uns caixóns... E por alí había cartos en montonciños. E petisca un pouco da morea da caixa, e fiska por aí debaixo

e apaña algo de cambio do caixón e uns papeis que pasaban por alí. Debía estar *organizando a enleada*. E a acusación sostén –á espera da sentenza cando isto escribo- que organizou, petisco a petisco, outro petiño na súa casa, cousa de dous millóns de nada, cun piso na praia pagado en man...

“Algo notaban os administradores”, revelaron os do cabido para aliviano. Algo notaban, madía leva, inda que deixaron ir indo a cousa, se cadra polo “escándalo” maiúsculo, que non se sabe exactamente que significa posto en boca de deáns e coengos.

Escándalo será esa falta de administración das colectas. A catedral, e a

Igrexa, terían que baixar da estratosfera da irresponsabilidade financeira, e administrar e dar contas. Con sentido común e un sistema contable *laico*. Primeiro, que menos, contar o que se recada (coas debidas garantías, con dous ou máis contadores controlados), despois custodiar e contabilizar, con sistemas homologados, claros e fiables e, finalmente, dar contas ao público dos ingresos e dos gastos. E controlar os electricistas.

Xa non vale ter millóns de euros en moreas e petiños e deixar que a catedral se veña abaixo para provocar a restauración con diñeiro público e doazóns privadas, mentres “persoal de confianza”, e outros arrimados organizan o froito da colecta. Escándalo, si, resulta o feito de que hoxe mesmo na páxina web “Tu catedral te necesita” (<http://www.ayudaalacatedral.es/proyecto/10>) se estea recadando, entre outros proxectos, para restaurar a fachada do obradoiro e que se dea a fatal circunstancia de que a cantidade obxectivo para realizar a obra sexa 1.700.000 euros, xusto a que no sumario se dí que apareceu en certo piso do Milladoiro.

O domingo oito de febreiro houbo outra exitosa manifestación do movemento Queremos Galego. A estas alturas non debería ser un tema de confrontación ou rifa aceptar e celebrar o feito de que ter un idioma propio sexa unha regalía e unha responsabilidade. Un idioma coa historia e a bagaxe toda que ten a lingua galega é unha riqueza para todos e todas, un orgullo. E tamén é unha tarefa na que comprometerse, como todo o que paga a pena na vida.

Efectivamente, o obvio, o natural, sería que ese queremos galego, fose un sentir compartido, transversal, en todo o territorio galego, sen diferenza de clase ou condición, de ideoloxía, xénero ou idade.

E, non obstante, iso non é, en absoluto, e por desgraza, un asunto pacífico. E algo ten que ver a fatalidade de que o actual goberno do PP, a diferenza dos anteriores do mesmo partido, rexeitara os consensos logrados, os que deron lugar á Lei e o Plan de Normalización, e comezara a aplicar unha axenda oculta que se diría, xulgada polos efectos que produce, que implica un plan tendente ao *galego cero*.

Os feitos son máis reveladores que as palabras e fan evidentes as estratexias ocultas, e eses convencementos e prexuizos que son os que mandan na diglosia autonómica. Así, cando unha conselleira de facenda accede ao cargo na Xunta –unha conselleira con evidentes dificultades co galego– sente

a obriga e fai o esforzo por expresarse en galego. Pero se esa mesma conselleira é nomeada candidata a alcaldesa de Vigo, inmediatamente séntese dispensada da obriga e volve, aliviada, ao castelán.

A mensaxe implícita, a que entende a xente é que o deber ritual do idioma vale para a Xunta e polo tempo estrito de presenza diante do micrófono, pero que para ser alcaldesa dunha cidade grande non fai falta nin gardar as formas co galego, por moi galega que sexa a cidade. Esa mensaxe enténdea a xente. E con esa mensaxe faise un dano tremendo ao galego. Refórzase e bendícese ese prexuízo fatal que entulla o futuro do idioma: na cidade, en castelán.

E contra o prexuízo reforzado polo poder de nada vale proclamar a “liberdade de elección”

O idioma galego é unha regalía e unha tarefa para todos e todas

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Todos educamos. Nunha sociedade como a nosa debemos ter conciencia de que a educación non é exclusiva de ninguén. Nin dos mestres e mestrás, nin da familia... De todos os xeitos, os que dedicamos a vida á educación coidamos que moitas veces perdemos o tempo ou falamos para uns seres que nas aulas só fan a fotosíntese. Isto é especialmente significativo cando falamos de valores. Moito dicimos e moito predicamos pero, ao final non vale para nada.

Non foi así no caso de Ryan, un neno de Canadá que, cando tiña seis anos, lle faláron de África e de que alí non chegaba a auga potable a moitas poboacións. El preguntou e dixéronlle

que construír un pozo alí valía 70 dólares. Púxose a traballar con pequenos traballos domésticos ata que tivo os 70 dólares e foi onda a ONG que se encargaba diso. Mala noticia, realmente un pozo valía 2000 dólares. Mágoa tanto traballo. Desde logo, os seus pais non estaban dispostos a darlle esa cantidade de cartos por moitos cristais que limpase ou por moitas veces que botase o lixo.

Ryan non se botou atrás e seguiu. Xuntouse con moitos compañeiros que fixeron o mesmo e acadou o pozo no norte de Uganda. Agora xa leva 400.

Ben sei que hai moitas ONG e moita xente boa que fai moitas cousas boas




como Ryan. Do que debemos estar seguros é de que todas elas teñen detrás un educador ou unha mestra abríndolles os ollos. Non si?

1



3



2



4



A peneira

1

O "Día da **FAME**" denuncia que un de cada oito cidadáns sofren fame crónica. Son 842 millóns, moitos rostros de muller. Cómpre unha dieta máis sa, non tan dependente do consumo de carne que obriga a que un 1/3 das terras e o 40% do cereal estea destinado á ceba do gando, reducindo o orientado á alimentación humana. Urxe unha agricultura ecolóxica e labrega, non industrial.

2

Comeza o Ano Chinés, o 19, cando miles de chines@s –o 80% mulleres– son torturados en "**CÁRCERES** negras" ilegais, agochadas por Beixín, por reivindicaren os seus dereitos. Outro tanto ocorre cos campos de concentración da veciña Corea do Norte, que agora denuncia no exilio, Ahn Myong, na foto, carcereiro ao que lle mataron o pai e detiveron toda a familia.

3

O 21 de marzo celebrárase a Asemblea de comunidades de montes **COMUNAIS** en Noalla-Sanxenxo, acosados pola privatización, que cobiza as súas posibilidades de aproveitamento e xestión, xa que un 90% teñen máis de 50 hectáreas. Son o 32% da superficie forestal, preto da metade dos particulares.

4

Nos 120 anos da 1ª exposición de **PICASSO** na Coruña ábrese "O primeiro Picasso", en Belas Artes, o 20. Verase a etapa coruñesa, cando estuda no IES Eusebio da Guarda, que en outubro cumpre 125 anos. No baixo estaba a Escola de Artes e Oficios onde ensinaba o pai. Tampouco esquecemos os 50 anos do pasamento da pintora de Lugo, Xulia Minguillón

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Na foto, manifestación de **NIXERIANOS** na Coruña (en Galiza son 150), contra Boko Haram, yihadistas sectarios que mataron máis de 10.000 persoas no 2014 e provocaron a suspensión de eleccións no estado máis poboado de África. Mentres, outros manteñen xefes eternos, arestora denunciados pola mocidade en internet, nos blogs ou co rap. E Burkina acaban de afastar un presidente tras 27 anos no poder.

6

O 18 é o congreso: "Os retos da **EDUCACIÓN** no Século XXI" en Compostela (Auditorio Abanca do Preguntoiro), convocado por Familias Mundi. Unha tarefa que corresponde a todo@s. Porén abraia que só o 36% dos pais exerzan en común a educación; no coidado dos máis pequenos só o 5% dos varóns, despois das nais (o 82%) e as avoas.

7

O 21, celebramos a **LINGUA NAI**, a teima dos énxet no Paraguay, desterrados das súas terras polos latifundistas co amparo do goberno, e privados da súa lingua, pois no desterro só ensinan ás crianzas na escola guaraní e castelán. Os líderes están a loitar pola fala e polas terras que lles roubaron. Gañaron un xuízo na Corte Internacional de Dereitos Humanos, pero seguen a asoballalos.

8

O 24 é o aniversario do nacemento de **ROSALÍA** de Castro (1837) que celebramos co coro da BBC, a radio pública británica, que acaba de estrear o seu "Has de cantar". Interpretado por Saleeb, na tradución da canadiana Erin Moure, autora en galego e inglés de *Little theatres-Teatriños*. As traducións arrequecen a nosa fala.

✿ 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

✿ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

✿ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

✿ Real, 56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

✿ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

✿ Conde Aranda, 2
28001 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com

GALERIAS
SARGADELOS

✿ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

✿ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

✿ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

✿ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

✿ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

✿ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgal@curgal.com

✿ Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

✿ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

✿ Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@astrada.com

Economía A economía do ben común

Pedro Pedrouzo Devesa



Un dos maiores retos sociais que temos que afrontar no comezo deste século XXI é a forma de domesticar o capitalismo que, dominando os mercados financeiros pretende dominar a sociedade.

O pulso entre a UE e Grecia é un claro exemplo de como a lóxica do capital e a lóxica da sociedade non casan tan ben como lles gustaría a moitos. “Hai que pagar o que se debe” é unha frase tan demoledora que parece difícil rebatela. Pero existe unha palabra clave na historia do crédito a países que explica os abusos entre o capital e a sociedade: a prima de risco, unha pirlueta formal que converte en natural que, aqueles países que en peores circunstancias económicas están, paguen xuros moito máis elevados polos seus préstamos. Como están peor, só lles imos prestar diñeiro se nolo pagan máis caro, non vaia ser! Despois de ver a canto pagan os préstamos países como Alemaña e a canto os paga Grecia ou os pagaba España, parece razoable propoñer renegociar esas cifras interminables que afogan calquera país.

Hai uns anos, Christian Falber agasallounos cun dos libros máis prometedoros e prácticos no campo das ideas económicas, “*A economía do ben común*”, un libro no que avanzaba todo un compendio de ideas que, de aplicárense, darían un enorme xiro social ás nosas economías, sen caer nos brazos dos planificadores centrais, que teñen unha fe excesiva na clarividencia dos políticos para tomar decisións.

Falber acaba de publicar “*Diñeiro, de fin a medio*”, no que propón que o diñeiro se converta nun ben público, pois realmente a dependencia que del temos todos os humanos para satisfacer as nosas necesidades, fai que a súa circulación deba realizarse de acordo a normas moi diferentes ás actuais. A primeira, e máis importante sería que nos fóssemos esquecendo dos xuros polos nosos depósitos bancarios, que son o pistoletazo inicial para que os nosos aforros entren no gran casino que está montado nos mercados financeiros. Ao estar libres da *angustia financeira*, os aforros recuperarían o seu uso social, podendo esquecer a especulación que periodicamente atorda o funcionamento normal dos países só para beneficio duns poucos. Pero Falber dá para moito máis, un soñador práctico, algo inaudito e tremendamente necesario.



O peto común

Teresa Souto

Nestes días fríos de inverno, coa neve cubrindo as serras e as montañas do país, vimos de celebrar a Festa da Candeloria, de acender candeas e de gozar xuntas, no Mosteiro de Bergondo, da Festa do Lume. Comezamos, coma sempre, compartindo un café cunhas deliciosas rosquillas xa famosas entre todas e celebrando a Asemblea ordinaria de Irimia. Na mesa de experiencias: **Facendo País de abaixo arriba**. Contamos con representantes das asociacións **Xermolos**, **Aquilino** Iglesia Alvariño de Muimenta, Boa Vida-Inclusión Activa de Pontevedra, Capitán Gosende de Cerdedo e Marea Atlántica da Coruña. Estas cinco experiencias transmitíronnos ilusión e esperanza nese país que desexamos ver construído, e ser parte na construción; así, desde abaixo, desde as pequenas grandes iniciativas, puidemos coñecer de preto o traballo e o labor realizado pasiño a pasiño. Para que as fillas dos nosos fillos poidan vivir no país que merecen.



Un mozo do lugar fixo unha gran reflexión sobre a vida no rural e a volta á aldea; sobre a dificultade de vivir da terra e o gando nestes tempos, e como para moitas persoas o voltar á aldea queda en mercar unha casa dormitorio en terreo rural, seguen a ir traballar á cidade, as crianzas estudan na cidade, as compras fanas na cidade, e á aldea regrésase para durmir, non para facer vida. El explicaba que se hai dúas persoas adultas na familia, unha delas quedaría no fogar, para ocuparse de plantar e dos animais, así como das crianzas, e a outra saíría ao mercado de traballo, indiferentemente do xénero da persoa. Boa idea pareceunos.

O CARRABOXO por ROBE LOIS



Entrevista Xavier Vence

Aldegunde Quiñones



“ A actual política económica é unha fraude á sociedade ”

Xavier Vence é portavoz nacional do BNG e catedrático de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela. Nun momento no que xa se achegan as próximas citas electorais, quixemos preguntarlle polas propostas da súa formación política para as necesidades da nosa sociedade (futuro dos sectores estratéxicos, servizos sociais, situación da lingua) e tamén polas expectativas do seu partido ante ese ciclo electoral. Esta é unha versión moi resumida da entrevista íntegra que pode lerse no noso blog irimegos.wordpress.com

Os orzamentos deste ano 2015 son os que precisa o noso país para saír da crise?

En absoluto, porque neles recóllese unha redución drástica do gasto público e supoñen a aplicación de políticas que levan ao desastre económico e tamén social. Para saír da crise o sector público debe tirar da dinamización económica e en Galiza está pasando o contrario: contribúe á contracción da actividade, destruindo emprego e reducindo capacidade de demanda. A estratexia destes últimos anos, completamente equivocada, fai

educación e os servizos sociais e que permita reter o talento da xente nova (por iso tamén propoñemos a ampliación dos fondos de I+D+i).

E iso como se pagaría?

Cun cambio de prioridades. En lugar de gastar en obras e privatizacións de servizos o BNG aposta por unha estratexia de recadación máis potente sobre todo a través dos impostos ás rendas altas, aumentándolles o tipo fiscal no IRPF e no imposto do patrimonio para que as grandes fortunas contribúan minimamente á reactivación económica; tamén mediante un

Hai unha estratexia para reducir a educación pública

que se prolongue a crise e o devalo económico e demográfico do país, unha calella sen saída que hai que reverter o antes posible.

Que propón o BNG para esa reversión?

Unha política oposta á do Partido Popular cunha intervención máis activa a través do gasto público na dinamización da produción, de apoio aos sectores produtivos (industria, agricultura, pesca, comercio) e creación de emprego no sector público para manter a calidade da sanidade, da

imposto ás grandes superficies, que son un dos factores que están desmantelando unha parte noso tecido produtivo comercial; e en terceiro lugar, un imposto para a banca, xa que a estamos rescatando entre todos, que tamén ese sector contribúa dalgún xeito ás arcas públicas.

SECTORES ESTRATÉXICOS

Que vai pasar coas explotacións galegas de carne e leite?

O sector primario está nunha situación de devalo e desmantelamento.

No tempo que leva gobernando Feijoo perdéronse na agricultura uns 6000 empregos e continúa a caída. E no sector pesqueiro igual. Estamos chegando a un nivel de destrución do campo e o mar absolutamente irracional nun país coas condicións naturais e a experiencia histórica que temos. A desregulación que afectou a estes sectores, froito da aplicación das políticas comunitarias levou a un peche continuado de explotacións. É un despropósito froito de non adaptar as políticas agrarias ao noso país.

Daquela, cal é a solución para salvar estes sectores?

A agricultura ten que ser unha peza moi importante de creación de emprego e de riqueza. É a única forma de manter ocupado o territorio nunhas condicións de vida digna. Ademais, o desenvolvemento da agricultura vai moi ligado ao do sector industrial de transformación. Hai que velo integrado, coma unha cadea que vai desde a produción agraria de base até a transformación industrial dos produtos que o requiren, coma o leite e derivados e logo a propia comercialización.

A situación da pesca tampouco non se pode dicir que viva o mellor momento.

Na pesca, igual. Vemos como nos machacan a actividade do cerco e do xeito e si se poden facer cousas mediante unha negociación a fondo e en serio dos nosos intereses, pero a Xunta de Feijoo ponse de perfil e pasa, e ao goberno español impórtalle pouco o que lle ocorra aos nosos sectores básicos

EXPECTATIVAS ELECTORAIS

O BNG agarda unha reacción da sociedade nas próximas eleccións?

Neste ano temos as municipais e xerais, moi importantes, e no 2016 as autonómicas. Eu espero que neste



ciclo de tres procesos electorais sexamos quen de provocar un auténtico punto de inflexión para derrotar o PP e as políticas máis abertamente neoliberais e poder poñer en marcha unha estratexia diferente para sentar as bases dun futuro con emprego digno e non o ultraprecarizado que é o que, no mellor dos escenarios, nos ofrecen agora.

A fragmentación do voto da esquerda sempre vai favorecer a dereita.

○ PP aproveita a crise para desmantelar o sistema sanitario

Hai estratexias dos poderes económicos e mediáticos que queren debilitar a emerxencia dunha alternativa crible ao PP e están pola fragmentación da esquerda. Malia iso, a situación económica é tan calamitosa que non van poder conseguilo. Nós intentamos defender un proxecto nacionalista de esquerdas pero non imos perder nin un minuto en pelexar con eventuais alternativas que aparezan na esquerda. O electorado debe ser o suficientemente maduro para ver cales son as opcións que poden defender con solidez a alternativa a ese

proxecto destrutivo da dereita neoliberal e centralista e que traballa para esa elite residenciada en Madrid, que son os grandes lobbies, as grandes corporacións (o capital financeiro, as eléctricas, as grandes construtoras, as grandes empresas de distribución...) que comparten ese proxecto.

Cal sería un bo resultado nas municipais e nas autonómicas?

Un que permita derrotar ao PP en todas as cidades galegas e nas princi-

pais vilas. Para o BNG o obxectivo é reforzar a nosa presenza nesas cidades, porque a Galiza urbana é a que marca o pulso político do país e consolidar as alcaldías nas que estamos gobernando, xa que se está facendo unha boa xestión (Carballo, Bueu, Poio, Tomiño, Ribadeo...) e espero que poidamos gañar presenza e gobernos nalgunhas outras. Un resultado que supoña un punto de inflexión para continuar nas xerais e autonómicas e que permita que no 2016 poidamos ter un goberno alternativo ao do PP no que o nacionalismo sexa de-

Entrevista Xavier Vence

Aldegunde Quiñones

terminante e, podendo ser, aspiramos a liberalo.

E nas xerais?

É importante que o nacionalismo garanta unha presenza forte no Congreso dos Deputados porque pode ser unha lexislatura na que haxa condicións, se hai unha derrota severa do PP, para renegociar cuestións moi importantes da conformación do Estado, da estrutura territorial, de revisión da constitución ou mesmo de elaboración dunha nova. Sexa como for, Galiza necesita esa presenza para defender os intereses de Galiza como nación, os nosos intereses económicos.

BENESTAR SOCIAL

En que punto se atopan os servizos sanitarios en Galicia?

A sanidade é un servizo básico que ten que ser público universal e gratuito. Ao longo das últimas décadas, co esforzo de todos, construímos un sistema público bastante potente. Agora o PP aproveita a crise para desmantelar ese sistema, reducir a súa dimensión, para privatizar unha parte dos servizos sanitarios e abrilo



da Xunta é a de favorecer o ensino concertado reducindo do público. Vemos que en determinados sitios pode dar axudas para centros concertados onde ao mesmo tempo se pecha un centro público.

O ensino público é un espazo de igualdade, de creación de igualdade de oportunidades. Se non é así, faise unha sociedade máis desigual na que as familias máis humildes teñen moitas máis dificultades de acceso aos niveis superiores e garántese a preeminencia da elite na sociedade.

ser un espazo dinámico de vida para a nosa poboación. Quen defende a lingua defende un futuro para el e que ten unha visión do país subordinada e seguidista dun discurso español madrileño despreza ou descoida a lingua. Nos últimos anos houbo un proceso de devalo que é complexo. Algo que ten que ver coa desruralización. No ámbito urbano sempre foi minoritario e séguese sendo. Os poderes públicos non contribuíron nada para preservar ou incrementar os espazos de uso para o galego.

Hai que recuperar ámbitos de uso para o galego

ao negocio privado, que é unha das liñas de futuro do capitalismo especulativo. Se un ve cales son os fondos de investimento que mellor funcionan no mercado financeiro observará que son os que invisten en sanidade.

Un caso paralelo afectado polos recortes é a educación.

Na educación hai tamén unha estratexia de reducir a educación pública para abrilo ao sector privado. Isto significa un ensino excluyente para a maioría da poboación. A aposta

A LINGUA

A nosa forma de estar no mundo é estar en galego. Que opina sobre os datos do Instituto Galego de Estatística que constatan a caída de falantes?

O uso, a estima e o cultivo da lingua vai moi ligado á propia visión e á confianza que se ten no propio país. A valoración do idioma coma unha ferramenta de comunicación normal na nosa sociedade, como un país con futuro, que se quere desenvolver para

Que hai que facer para inverter a tendencia?

Cómpre recuperar eses espazos en todos os ámbitos: no ensino, nos medios, na sociedade, na empresa, na xustiza... Só cunha acción decidida dende as institucións e acompañada de sensibilización e valorización do propio se podería darlle a volta a eses datos. Calquera idioma que non teña un estado propio detrás teno moi difícil no mundo actual. Conservar e ampliar os espazos da lingua sen que Galiza o teña require un esforzo permanente nunha loita moi desigual e que esixe ter tensionadas as institucións e a sociedade civil. Un labor que esixe moito esforzo colectivo.



A rotonda de Coia e as políticas sociais do Concello de Vigo

Nos primeiros días de decembro un barco e unha rotonda saltaron aos medios como noticia e convertéronse en tema de conversa para a xente.

O conflito é coñecido. Unha parte da veciñanza, apoiada por partidos e movementos sociais, oponse á instalación do “Bernardo Alfageme” na rotonda de Coia debido ao elevado custo da obra –de dubidosa legalidade e que investiga a Fiscalía. Os motivos deste rexeitamento resúmeos un dos seus cánticos: Non pode ser, os cartos na rotonda e a xente sen comer!

A loita da rotonda posibilitou que se seguise falando da desastrosa política social do Concello de Vigo –e tamén da Xunta de Galicia e do goberno de Madrid–, que deixa moitas persoas sen uns mínimos para a vida: vivenda, luz, auga, alimentación, medicinas...

No caso do Concello de Vigo, as políticas sociais están marcadas pola propaganda, pola representación. Están aí para dicir que se fan e para ser empregadas como ferramenta electoralista, mentres que a xente que acode aos servizos sociais na procura de res-

postas atópase, como din as persoas de Alambique en Asturias, co labirinto da exclusión social. No comunicado lido ao finalizar a manifestación do 16 de xaneiro falábase así destas políticas e da postura do goberno municipal:

“O alcalde e os seus concelleiros falan de agresións, vandalismo e minoría marxinal para non ter que falar e afrontar o colapso do Departamento de B enestar Social, dos meses de espera nas UTS, das protestas das propias traballadoras sociais, da falla de orzamentos, das denegacións inxustificadas das axudas de emerxencia, da miseria e precariedade da cidadanía...; en resumo, da arbitrariedade, inxustiza e ineficacia da política social deste Concello”

Denuncias e mobilizacións que desde hai tempo estabamos a facer a xente da Oficina dos Dereitos Sociais de Coia (ODS-Coia), da parroquia do Cristo da Vitoria, da PAH, de Imán... A loita “rotondiana” ten moito que ver cunhas dinámicas comunitarias, veciñais, que no barrio de Coia es-

taban vivas e que nos últimos meses provocaron que moitas persoas ocupasen as rúas para esixir dereitos sociais.

Unhas demandas de dereitos que foron expresadas de moitos modos: “Albergue municipal, XA!”, “Non ao peche de Sereos!”, “Stop desafiuzamentos!”, “Vivir dignamente é un

No Concello de Vigo as políticas sociais están marcadas pola propaganda

dereito!?”.. e que agora se expresan ao berro de “Non pode ser, os cartos na rotonda e a xente sen comer!”

Baladre (Coordinación de loitas contra o paro, o empobrecemento e a exclusión social), con máis de 30 anos de loitas polos dereitos sociais, sempre acompaña as súas resistencias da renda básica das iguais (RBis). Un dereito, pero sobre todo unha ferramenta máis ao servizo da transformación social. Ferramenta que para

Lucía Santiago Díaz



Hoxe chorei de emoción. Mentres abrazaba a miña avoa no momento da paz non puideron conter unhas poucas bágoas. “Botábate de menos”, pensaba mentres me resistía a finalizar esa aperta. Botábate de menos avoa. Botábate de menos Irimia, festa do lume, celebración sincera en comunidade galega. Pero non era a única. Durante a festa do lume deste ano vin a máis xente emocionarse, bailar, facer reflexións profundas e propor ideas moi interesantes. Escotei iniciativas de base que son exemplo e esperanza para a nosa terra e as nosas xentes. Aprendín. Agora que escribo doume conta de que o 7 de Febreiro de 2015, festa do lume, fixemos país.

Asemblea

A mañá comezou cun rico café de benvinda a carón do lume. Despois de amosarlle a meu irmán e a súa moza a un pouco do mosteiro fun para a asemblea ordinaria da asociación. Esta foi a primeira vez que asistín, pois os anos anteriores sempre chegaba máis tarde. Gustoume moito, pareceume moi dinámica e enriquecedora. Unha participación alta en comparación con outras asociacións, tanto en número como en persoas que pediron a palabra.

A asemblea contou cun ambiente positivo, con “preguntas críticas” e con ideas e solucións. Por exemplo, como

o estado das contas é negativo (perdas) por terceiro ano e propúxose a creación da figura do pedichón, para que, caracterizado cunhas roupas chamativas e actuando de forma divertida e cómica, sexa o encargado de recoller doazóns na romaxe unha vez finalizada a celebración. Tamén se fixo fincapé na necesidade de informar aos irimegos e irimegas sobre as necesidades de financiamento que ten a revista ou a romaxe. Pero que non cunda o pánico, aínda queda algo de trigo no celeiro dos aforros.

Incorporáronse dúas novas vogais á directiva da asociación: Marta Sopenña e Charo Rinlo.

Temos exemplos vivos: non partimos de cero

Iniciativas Galegas. Lumiños firmes de esperanza.

Queremos e podemos cambiar o modelo de sociedade. E estámolo a facer. Temos exemplos vivos, “non partimos de cero” como se afirmou na presentación de 2013. Recollendo esta idea, na festa do lume de 2015 puidemos escoitar varias iniciativas dos diferentes puntos do país.

De Guitiriz veu Alfonso Blanco, da Asociación Cultural Xermolos (<http://www.xermolos.org/>)

Xermolos é o colaborador local para a realización da Romaxe de Crentes Galegos en 2015. É unha asociación de xente nova e non tan nova que busca dar vida á nosa cultura. Entre moitas outras cousas organizan o famoso festival de Pardiñas e impulsaron a obra do poeta Díaz Castro, que foi membro da asociación. Alfonso, que insistiu na importancia de acompañar a mocidade, vén de percorrer toda Galicia de instituto en instituto, a raíz da conmemoración do poeta de Guitiriz, e cre firmemente que hai confiar na xente nova, facelos partícipes da identidade galega e tenderlles a man como iguais.

Tamén da Terra Chá, de Muimenta, estivo na mesa Pepe Barreira, da Asociación Cultural Aquilino Iglesia Alvariño. Pepe trasladounos unha realidade veciñal riquísima, un exemplo de creatividade e autoxestión posta en marcha, desde abaixo, como reacción activa fronte ao abandono da autoridade municipal. A feira de mostras, o centro de saúde, a asociación de mocidade, a restauración da igrexa vella e o museo... Toda unha mostra de vida comunitaria e solidariedade organizada.

De Pontevedra acompañounos Aurora Coego, da Asociación Boa Vida Inclusión Activa. (<http://boavidainclusionactiva.blogspot.pt/>). A asocia-

ción está formada por un grupo de persoas en situación de exclusión e os técnicos que as acompañan. Como eles mesmos din, somos “desempregadas coma ti, enfermos coma ti, nais de familia coma ti, xitanos coma ti, extoxicómanos coma ti, pais de familia coma ti, familias cuidadoras coma ti.... persoas normais e correntes, anónimas coma ti.”

Irimia vai sendo un altofalante, un nodo entre centos de lumiños de esperanza

Carlos Solla presentounos a iniciativa resistente e vital de *Capitán Gosende*, (<https://www.facebook.com/capitangosende>), desde Cerdedo, desde a montaña máxica do Seixo. Esta tropa patrulla todas as fins de semana aquelas terras, preto de Pontevedra, para que os que queren aproveitarse da desfeita e do abandono non o fagan impunemente. A tropa do capitán Gosende obsérvaos. E eles sábeno. O “Sistema Gosende” é exportable a outras terras do país.

Tamén estiveron con nós os da “Marea Atlántica” (<http://mareatlantica.org/>). Marcial Blanco explicounos con imaxes como un grupo de xente cre que na cidade hai outra forma de facer política, desde a xente, desde os barrios, desde as prioridades fixadas e procesos de democracia real e participativa.

Ademais destes exemplos, lanzáronse ideas e convites. Primeiro, unha iniciativa sobre o cárcere. Propúxose-nos formar parte dun movemento de reinserción, rehabilitación e resocialización real dos presos. Parece que volvemos aos anos do franquismo: “cadea perpetua revisable... pero para peor”. Non pode ser. Como sociedade

temos unha parte de responsabilidade dos presos, especialmente cando saen do cárcere “estigmatizados” para toda a vida. Pero tamén coas familias dos presos e coas vítimas.

Outra invitación consistiu a participar na organización colaborativa dun concerto. Todas e todos podemos participar facendo o que máis nos gusta, saiba ou apeteza, incluso aínda que aparentemente non estea relacionado coa música! A data: arredor do solsticio de verán. O lugar: a Granxa Maruxa, en Monterroso. <http://ondehaimusica.galiciasustentable.org>

Terceiro, “*Vivimos no rural*”. O próximo 9 de maio celebrarase en Santiago un foro de debate sobre a vida e o futuro do rural galego, “*Vivimos no rural*”, como parte dun proxecto mais grande, que estamos por deseñar

Celebración

Despois do xantar compartido. Iniciamos a celebración. Foi poética, nutrida de textos de Díaz Castro, como na pregaría eucarística “*pan feito de lúa, perdón e beixo eterno*”

Foi unha celebración equilibrada, con lecturas individuais e comunitarias, momentos de meditación, cantos e silencios de emoción... E foi representativa: guieiras e guieiros, novos e

maiores, participación da comunidade.

Concluimos da man de Bea, música de composición propia, en galego e non folk. Unha rapaza chea de ilusión, de sorrisos e dunha altísima capacidade de comunicación. Dedícalle a Irimia unha das súas últimas composicións que aparecerán no disco que vai gravar. Que luxo! Pero o público tamén ten o seu mérito, participa de todos os xeitos posibles, e ademais entoa moi ben!

Conclusións

Un amigo díxome durante a celebración: “a Chao gustaríalle estar aquí”? Penso que lle gustaría ver cómo Irimia vai medrando. Gustaríalle ver cómo Irimia se converte nun altofalante, nun nodo entre milleiros de “lumiños de esperanza”

Irimia é moito mais que o número de socios e socias ou subscritores da revista. Cada unha de nós representa a moitas e moitos mais, podendo chegar a miles de persoas. Hai tres anos que vos coñecín, que atopei outra forma de ver as cousas. Descubrín que os irimegos e irimegas son unha parte fundamental nese “cambio dende abaixo” que está a ocorrer nos nosos días. Dádesme forzas e inspiración. Grazas.



A porta do outro mundo, na montaña máxica do Seixo, onde patrulla a xente de Capitán Gosende

moita xente do barrio de Coia está a ser útil na loita, da que antes falabamos, polos dereitos sociais.

A renda básica: necesaria e posible

O fenómeno Podemos puxo de moda a renda básica. Fálase moito dela, pero ás veces de modo equivocado, ao se mesturaren conceptos e matices das distintas propostas. Nós definimos a RBis como o dereito que ten cada cidadán e cada cidadá, polo feito de nacer, a percibir unha contía periódica para cubrir as súas necesidades materiais. Non obstante, para transformala en algo máis ca unha declaración de principios, á definición engadímoslle unhas características, estruturais e de opción política, que a converten nun instrumento de acción política e social, mais tamén nun mecanismo que garante a redistribución da renda. Estas características especifican que a RBis ha de ser individual (non familiar), universal (non contributiva e para todos) e incondicional (independente do nivel de ingresos e do mercado de traballo). A contía ha de ser polo menos, igual ao limiar de pobreza e recibir cada persoa a mesma cantidade; unha parte da RBis percibirase en man e a outra en forma de bens de uso colectivo. A maioría das prestacións sociais actuais, suxeitas a control e gasto burocrático, quedarán refundidas na Rbis. Como instrumento de loita contra o



A renda básica é o dereito das persoas a percibir unha contía periódica para cubrir as necesidades materiais

capitalismo, esperamos que a RBis se converta nun patrimonio dos movementos anticapitalistas.

Moitas veces falan da RBis como unha proposta utópica, moi afastada

da realidade e das urxencias da xente. Porén, algúns defendémola como unha ferramenta necesaria, ademais de posible. Para saírmos desta tolema de mundo, construído ao servizo dos intereses dunha minoría, precisamos pensar cales son as nosas necesidades e onde poñemos as prioridades. Para saírmos do capitalismo temos que pensar que mundo necesitamos, que terra somos quen de construír as persoas na vida cotiá... No parto dunha nova vida, as lóxicas do emprego garantido, as RISGA, o crecemento macroeconómico, etc. non son máis que camiños que nos perpetúan na desigualdade e na inxustiza.



Deputación
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedron Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRIBIÓNS: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / subscripcións@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.shtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



“Vivía entre as feras e servíanos os anxos”

Esta frase resume a vida de Xesús, e tamén as nosas. Xesús vivía entre feras empeñadas en poñer paus nas rodas ao avance do reino: os apóstolos que pelexaban entre eles por ver cal ía ser o primeiro, os zelotas que o tentaban para a loita armada, os fariseos que lle botaban en cara os seus “pecados” (estilo de vida, amizades, afirmacións,...) ou buscaban o xeito de anulalo (...e non pararon ata que o viron morto).

Pero servíanos os anxos. Na vida de Xesús había anxos que o alimentaban, escoitábano, botábanlle piropos ao pasar, lavaban e bicaban os seus pés, mesmo o seu corpo xa morto,... De anxos era a casa de Betania, a casa de Marta e María, na que Xesús atopaba acougo sinxelo, pois alí había persoas atentas ao coidado do seu corpo, o “corpo de Cristo”.

Nós mesmos somos tamén un pouco feras cando poñemos aos demais ao noso servizo. O camiño é ser anxos coidadores, persoas preocupadas polo ben dos demais, atentas aos corpos que nos chaman e necesitan. So así calquera deserto da vida pode ser levadeiro.

Marisa de Corne

O ECO

As tentacións arredan de nós a idea dun Xesús superheroe, ou extraterrestre, ou divino disfrazado de humano, que se nos puideran ocorrer cando pensamos nel. Decatámonos de que non naceu sabido, cun mapa de ruta planificado de antemán. Que tivo que pensar e darlle voltas ás cousas antes de decidir, “corenta” días. O número corenta é un número simbólico na Biblia, como os “corenta” anos que pasou o pobo de Israel no deserto, sempre se asocia cunha proba; ao igual que o pobo xudeu ten que decatarse de que significa ser o pobo elixido, Xesús ten que comprender que supón ser o Mesías.

E alí o tentou “Satanás”, personificación de todos os males que nos tentan tamén a nós hoxe: a preguiza, o medo, o buscar o propio beneficio, o quedarse co inmediato sen ollar máis lonxe, etc.

E, como Xesús, cantas veces non nos sentimos “vivindo entre feras”, cansos de loitar cos problemas e preocupacións, pero, ao mesmo tempo, acompañados de verdadeiros “anxos”, persoas ao noso redor que nos coidan, nos queren, nos dan o seu conforto e agarimo.

Olga Álvarez

A CLAVE

A PALABRA

DOMINGO 22 DE FEBREIRO.

I de CORESMA

A PALABRA. Mc 1, 12-15

Naquel tempo, o Espírito encamiñou a Xesús ao deserto. Alí permaneceu corenta días, alí o tentou Satanás; vivía entre as feras, e servíanos os anxos. Cando prenderon a Xoán, marchou Xesús a Galilea a anunciar a Boa Nova de Deus, dicindo: «O tempo está cumprido, e chega o Reino de Deus; convertédevos, e crede na Boa Nova.»

Falando da lingua Canta cousa sen saír do a...

Lidia e Valentina



Este boneco non ten unha bufanda moi acaída...

Ai, que frío vai por esta nosa terra!!! Dicíanos Manolo da Graña estoutro día: “É o tempo do tempo...!!!” Que razón ten e que dito tan acaído...

Acaer... Coñecedes a palabra, tédelade voso? Esta oímoslla a Lola da Torre. Neste contexto ten o significado de “ser apropiado para unha circunstancia”; pero tamén se usa cando se quere dicir que algo ou alguén resulta agradable (*Este rapaz moi ben acaeu nesa familia!*), cando unha cousa senta ben ao ser combinada con outra (*A ese pantalón acáelle ben un xerse dunha cor forte.*) ou cando unha prenda de roupa, un adobío...

Ile senta ben a unha persoa (*Que ben che acae o pelo curto!*).

Nós sempre andamos coa orella atenta, e así foi que lle oímos a Carmen de Sande que non quería que o seu neto puxese aqueles pantalóns co cu alá embaixo..., non lle aquecían nada...

Aquecer! Nós nunca tal oíramos, e resulta que no dicionario o recollen como sinónimo de “acaer”. Alguén de vós o ten de seu? Nós agora botaremos man del...

Pero a cousa non rematou aquí... O domingo fomos visitar a tía Celina do Quinteiro de baixo, que sabíamos que non estaba moi ben: un ben de Deus de anos, o inverno... E cando

alí chegamos díxonos que se tivera que se meter á cama, que estaba toda **alancada**... E nós preguntamos “*Pero que dis, tía?*” Explicounos que a collera o frío, que lle doían os ósos e que estaba alancada, como lastimada, maliña... Vaia, vaia. Tomamos nota e fomos ó dicionario para comprobar se recolleran a palabra. Efectivamente, está recollida, pero non con ese significado. Pois se alguén con poucas posibilidades de sufrir interferencias o usa, está claro que a palabra existiu con tal significado. Preguntamos despois a outros maiores do seu contorno e, efectivamente, coñecían a palabra, pero había moito que non a usaban, “é que onde vai que non me vén ó caso...!” No dicionario, “alancar” é andar dando alancadas, e o substantivo “alancada” é “paso longo”. No sentido figurado, alancar é avanzar rapidamente. Son sinónimos achancar, azancar, e do substantivo serao zancada, chancada.

Que riqueza léxica ten a nosa lingua! Canto temos para deixar en herdanza, e canto nos deixan e nos deixaron os nosos pais e as nais dos nosos pais e os pais dos pais das nosas nais... Canto se perdería...

O Fachineiro do cómic

Noveno

O ilustrador Kiko da Silva creou hai uns anos en Pontevedra O garaxe hermético, como ben sabe o atento lectorado desta sección e máis da entrevista que publicou *Irimia*. Trátase dunha unha escola profesional

de banda deseñada que constitúe un centro de referencia a nivel estatal e por onde pasan as mellores mans desta arte. Por poñermos un exemplo recente, a última clase maxistral impartiu Emma Ríos, unha rara avis de éxito nun mundo no que os homes son maioría. Unha das liñas na que ten moito que facer a



nosa cultura é a creación de público novo, e máis no caso do cómic, que é unha arte que ata hai pouco se tiña por creación de segunda división. Por iso é unha boa noticia -tanto para creadores/as como

para seguidores/as- a aparición da revista dixital *Noveno*, no que o alumnado do Garaxe hermético dá a coñecer os seus traballos. Ademais, é de descarga gratuíta, así que, quen queira pode gozar das súas 87 páxinas de balde.

A.Q.